



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias febreiro 2017

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2017

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de febreiro deste ano 2017 acadou a cifra de 953.563 para o total do sistema, o que supón un incremento respecto ao pasado mes de xaneiro de 2.816 afiliacións (un 0,30%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 17.748.255, rexistrando un incremento do 0,42% con respecto a xaneiro de 2017.

Na comparativa interanual (febreiro de 2017 con febreiro de 2016) obsérvase un bo comportamento, é dicir, un incremento de 18.026 afiliacións no total do sistema en Galicia (un 1,93%), e un incremento do 3,38% (580.543 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de xaneiro de 2017 o único descenso rexístranse en Andalucía (-0,06%). O resto de comunidades autónomas presenta taxas intermensuais positivas destacando Baleares (3,17%) e Murcia (1,41%) e tamén, con taxas por riba do 0,5% atópanse: Cataluña, Navarra, Aragón e La Rioja.

En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior todas as comunidades amosan taxas positivas. Os maiores incrementos atopámoslos en: Baleares, Canarias, Murcia, Cataluña, Comunidad Valenciana, Madrid, Castilla La Mancha, e Andalucía (todas elas con taxas por riba do 3%). A taxa de variación relativa interanual do conxunto do estado presenta así un valor positivo do 3,38%.


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA FEBREIRO 2017	VARIACIONES			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	17.748.255	74.080	0,42	580.543	3,38
Galicia	953.563	2.816	0,30	18.026	1,93
Andalucía	2.891.764	-1.603	-0,06	95.890	3,43
Aragón	533.455	2.992	0,56	14.452	2,78
Asturias	350.208	613	0,18	5.133	1,49
Baleares	404.480	12.413	3,17	21.110	5,51
Canarias	748.778	1.854	0,25	36.909	5,18
Cantabria	203.066	538	0,27	5.659	2,87
Castilla La Mancha	648.183	-6	0,00	22.273	3,56
Castilla y León	875.732	2.466	0,28	18.004	2,10
Cataluña	3.180.957	22.588	0,72	120.560	3,94
Comunidad Valenciana	1.745.028	3.519	0,20	65.658	3,91
Extremadura	372.297	331	0,09	5.307	1,45
Madrid	2.954.597	13.242	0,45	102.438	3,59
Murcia	539.077	7.496	1,41	20.940	4,04
Navarra	263.801	1.672	0,64	6.698	2,61
País Vasco	918.543	2.441	0,27	18.199	2,02
La Rioja	121.846	621	0,51	2.978	2,51
Ceuta e Melilla	42.880	89	0,21	308	0,72

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo e Inmigración dende o informe de xullo de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad social

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado nas catro provincias galegas. Pontevedra é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 2,24%, o que supón 7.173 afiliacións máis, seguida de A Coruña cunha taxa interanual do 2,06% e Lugo (1,27%). A provincia con menor incremento relativo é Ourense, onde se rexistraron 1.114 afiliacións máis que en febreiro de 2016, un incremento relativo do 1,14%.

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de febreiro con respecto ás do pasado mes de xaneiro de 2017, rexistrouse un incremento en Galicia do 0,3%. Lugo e Ourense amosan un dato negativo que ven compensado polo incremento dos afiliados nas provincias de A Coruña e Pontevedra.

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA FEBREIRO 2017	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	410.324	1.867	0,46	8.270	2,06
LUGO	116.788	-249	-0,21	1.469	1,27
OURENSE	99.024	-140	-0,14	1.114	1,14
PONTEVEDRA	327.427	1.338	0,41	7.173	2,24
GALICIA	953.563	2.816	0,30	18.026	1,93
ESPAÑA	17.748.255	74.080	0,42	580.543	3,38


Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 75,4% das afiliacións galegas en febreiro de 2017, aumentaron un 0,39% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 2,80%. En España estas taxas foron do 0,47% con respecto a xaneiro de 2017 e do 3,96% en relación ao mes de febreiro de 2016. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (68,3%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de crecemento interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega situouse no -0,77% sendo Lugo a que amosa o peor comportamento cunha taxa negativa do -1,42%. Para este réxime e con respecto ao mes pasado, estas taxas son tamén negativas nas catro provincias e temos así unha taxa do -0,11% para o conxunto de Galicia. A taxa nacional para este réxime presenta porén unhas variación positivas nos datos con respecto a xaneiro de 2017 (0,13%) e con respecto a febreiro de 2016 (0,90%).

No que respecta ao réxime especial do mar, as taxas con respecto a febreiro de 2016 son positivas en todas as provincias destacando o valor do 2,74% para a provincia de Lugo. Nembargante non ocorre o mesmo coas taxas intermensuais nas que destaca novamente Lugo mais neste caso por amosar o único dato negativo (-2,59%). As taxas galegas amosan así un incremento do 2,52% con respecto a xaneiro de 2017 e un incremento do 1,49% se a comparación se realiza con febreiro de 2016.




Fonte: Ministerio de Empleo y seguridad Social

Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA DE FEBREIRO 2017	VARIACIÓNS RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	410.324	0,46	2,06
LUGO	116.788	-0,21	1,27
OURENSE	99.024	-0,14	1,14
PONTEVEDRA	327.427	0,41	2,24
GALICIA	953.563	0,30	1,93
ESPAÑA	17.748.255	0,42	3,38
R. XERAL			
A CORUÑA	317.663	0,54	2,88
LUGO	79.783	-0,25	2,49
OURENSE	73.858	-0,14	2,03
PONTEVEDRA	247.394	0,55	3,02
GALICIA	718.698	0,39	2,80
ESPAÑA	14.502.781	0,47	3,96
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	86.586	-0,12	-0,81
LUGO	35.503	-0,03	-1,42
OURENSE	25.166	-0,15	-1,39
PONTEVEDRA	66.733	-0,10	-0,12
GALICIA	213.988	-0,11	-0,77
ESPAÑA	3.181.472	0,13	0,90
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	6.076	4,69	1,45
LUGO	1.502	-2,59	2,74
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.300	0,40	0,02
GALICIA	20.878	1,38	0,63
ESPAÑA	61.385	2,52	1,49

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.mtas.es>